

Movements migratorios COMUNICADO


NO ANO 2005, POR PRIMEIRA VEZ DENDE 1994, GALICIA REXISTRA UN SALDO POSITIVO CO RESTO DE ESPAÑA

No ano 2005, rexistráronse en Galicia, 58.931 cambios residenciais internos (é dicir, dentro da mesma comunidade), 22.590 emigracións a fóra de Galicia e 39.435 inmigracións procedentes do resto de España e do estranxeiro. Como resultado destes fluxos migratorios Galicia amosa, un saldo positivo co estranxeiro de 16.752 migracións e por primeira vez, dende o ano 1994, un saldo migratorio positivo co resto de España (93 persoas).

As migracións internas realízanse, sobre todo, dentro da mesma provincia e teñen como destino preferente os concellos limítrofes ás grandes cidades de Galicia

Un 82% dos cambios residenciais entre concellos de Galicia, fanse dentro da mesma provincia.

Saldo migratorio interno por concellos. Ano 2005



Debido á atracción que, dende o punto de vista laboral, exercen as grandes cidades galegas, ocorre que os meirandes saldos migratorios internos os presentan os seus concellos limítrofes. Estes cambios de residencia están a contribuír ao crecemento demográfico das chamadas cidades dormitorio.

Canarias, principal destino e orixe dos movementos migratorios externos galegos

No ano 2005, e por primeira vez na última década, o número de inmigracións procedentes do resto de España foi maior que o número de emigracións de Galicia cara outras comunidades, en concreto rexistráronse 19.602 entradas e 19.509 saídas.

De xeito similar aos últimos anos, as Illas Canarias, Madrid e Cataluña, nesta orde, son as comunidades autónomas que teñen maior peso nos fluxos migratorios tanto de entrada como de saída de Galicia. A comunidade canaria engloba, por si soa, un 20,2% das emigracións galegas ao resto de España e un 18,5% das inmigracións.

A estrutura por idade deste tipo de migracións, revela que a meirande parte dos migrantes teñen entre 25 e 34 anos de idade, o que fai pensar que un dos principais motivos dos cambios de residencia entre Galicia e España é o laboral, como sucede coas migracións internas.


Alta porcentaxe de españois entre as inmigracións procedentes do estranxeiro

Durante o ano 2005, rexistráronse en Galicia 19.833 inmigracións dende o estranxeiro, o que supón un total de 467 máis ca no ano 2004. Consolídase así a tendencia ao aumento de inmigracións estranxeiras que se viña observando anos atrás.

Un feito a destacar é que unha porcentaxe importante destas inmigracións dende o estranxeiro corresponde a persoas de nacionalidade española, en concreto, un 29,1%. Esta cifra se debe, sobre todo, ás inmigracións con orixe en países que constituíron, décadas atrás, os principais destinos das emigracións galegas. Falamos de nacións como Suíza, Alemaña, Francia e Reino Unido no continente europeo e, por outra banda, Estados Unidos, México e Venezuela no continente americano. O gráfico seguinte onde se amosa a composición por sexo e idade das inmigracións procedentes do estranxeiro segundo a nacionalidade confirma que, neste caso, estamos ante unha inmigración “de retorno” levada a cabo por persoas de idade avanzada.

A composición por idades dos inmigrantes externos de nacionalidade estranxeira é moi diferente. Pódese dicir que os seus protagonistas son persoas xoves en busca de oportunidades laborais.

Distribucións das inmigracións procedentes do estranxeiro por sexo e idade. Galicia. Ano 2005



Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Para máis información:

Movimentos migratorios. Ano 2005

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Contacto : <http://www.ige.eu/ga/estructura/contacto/index.htm>
 e-mail: ige@ige.eu